

Curso MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

O título de **Monitor/a de Actividades de Tempo Libre** está regulado polo Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. **É un título oficial emitido pola Xunta de Galicia**; ten coma obxectivo formar persoas capaces de realizar actividades de lecer, recreativas e socioculturais, tanto no tempo libre urbán como na natureza. Sendo monitor/a, poderás traballar con nenos, mocidade e maiores, en campamentos, comedores escolares, saídas, excursións, actividades extraescolares, ludotecas, etc... Se estás nunha asociación poderás ocuparte da animación e dinamización da mesma.

LUGAR DE CELEBRACIÓN DO CURSO: Espazo Xove de Betanzos

DATA DE INICIO DO CURSO. Comeza o sábado 27 de setembro de 2025

DATA FINAL DO CURSO. Remata o sábado 29 de novembro de 2025

FORMATO DO CURSO. Semi presencial. 200 h. lectivas repartidas do seguinte xeito:

- **110 horas presenciais;** parte das clases teórico-prácticas presenciais serán no Espazo Xove de Betanzos (antiga Casa da Xuventude), situado na rúa Valdoncel 7, CP 15300 Betanzos. Outras clases presenciais (saídas e actividades fora da aula) desenvolveranse en diferentes espazos da comarca de Betanzos (campismo, sendeirismo, medio ambiente, gimkanas e outras dinámicas de animación).
- **90 horas a distancia;** as clases en formato a distancia requiren, obrigatoriamente, do equipamento axeitado por parte do alumnado (ordenador con conexión a internet, micrófono e cámara /webcam)

PRAZAS: 25. Os participantes deben ser maiores de idade e estar en posesión, polo menos, dalgún dos seguintes títulos: ESO, Graduado escolar ou Técnico auxiliar en formación profesional. Se require un mínimo de 16 alumnso/as para poder celebrar o curso.

HORARIOS E DÍAS DAS CLASES: No caso das clases presenciais serán en horario de 9 a 14 horas e de 15,30 a 20,30 horas. O curso celébrase en fins de semana; as clases serán os sábados, con un domingo ao mes (ver o calendario). As clases a distancia serán pola semana, co desenvolvemento de lecturas e exercicios e con conexións pola semana para presentar os materiais e resolver dúbidas.

O TÍTULO DE MONITOR/A: Para obter o título de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre deberás completar 2 fases; a primeira é a fase teórico-práctica (o curso) que ten unha duración de 200 horas lectivas. A segunda parte é a fase práctica, que dura 150 horas, e que poderás comezar unha vez superes a primeira fase (o curso). Unha vez completes ambas fases poderás obter o título oficial de monitor/a.

INSCRICIÓNS: Por orde de inscrición, ata ocupar prazas. Coa inscrición é necesario facer un pagamento de 50 euros en concepto de reserva de praza. Dito pagamento só será devolto no caso de non celebrarse o curso.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA INCRIBIRSE NO CURSO: encher a ficha do curso, 1 foto carné, copia DNI, copia título académico, xustificante do pagamento da reserva de praza do curso, xustificante do desconto (no caso de escoller algunha das opcións con prezo especial).

PREZO	euros
Xeral	280,00
Carné xove ou membro de AA.XX.	270,00
Desempregado/a	265,00
Membro, colaborador/a ou voluntario/a da Fundación Fragas do Mandeo	250,00

É posible facer o pagamento do curso en 3 fases:

- 1ª) reserva praza na inscrición: 50,00 euros
- 2ª) co comezo do curso: 150,00 euros
- 3ª) resto do pagamento antes do 1 de novembro

<p>DATAS DAS CLASES (en negra: domingos)</p>	<p><i>Clases presenciais (110 horas)</i> setembro 2025: 27, outubro 2025: 4, 11, 18, 19, 25 novembro 2025: 8, 15, 22, 23, 29</p> <p><i>Clases en liña ou a distancia (90 horas)</i> Semana - setembro/outubro, do 29.09 ao 05.10 (10 horas) - outubro, do 6 ao 12 (10 horas) - outubro, do 13 ao 19 (10 horas) - outubro, do 20 ao 26 (10 horas) - outubro/novembro, do 27.10 ao 2.11 (10 horas) - novembro, do 3 ao 9 (10 horas) - novembro, do 10 ao 16 (10 horas) - novembro, do 17 ao 23 (10 horas) - novembro, do 24 ao 29 (10 horas)</p>
---	--

MAIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN BETANZOS	
Escola de Tempo Libre "FERVENZA"	ESPAZO XOVE DE BETANZOS
fervenza.etl@gmail.com	Rúa Valdoncel 7, 15300 Betanzos Tlf. 881 880 279 espazoxovebetanzos.xuventude@xunta.gal